

SALDOIRA

2013



IES MARTAGUISELA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Preparado o noso invernadoiro!



INDICE XUÑO 2013

- 3 Editorial/Carta do director
- 4 Coñecemos París
- 5 Retorno ao mundo clásico
- 6 Carucedo e As Médulas
- 7 Picos de Europa
- 8 Pontevedra e as maravillosas Illas Cies
- 9 Tendendo pontes. INtercambio co IES de Tomiño
- 10 Rutas científicas: Andalucía
- 11 Carlos Puerto. Un home próximo e amable
- 12 Visita de María Menéndez Ponte
- 13-19 Profesorado e alumnado do IES Martaguisela
- 20 A familia medra
- 22 O IES Martaguisela en Europa
- 23 Italia 2013. Unha viaxe inesquecible
- 24 Xornalistas por un día
- 25 Os americanos non foron os únicos
- 26 O Canguro Matemático / Club de lectura Abrelibros
- 27 Antigo alumnado
- 28 De Rosalía de Castro a Vidal Bolaño: 50 anos de celebración das Letras Galegas
- 28 Que tempos aqueles!

Editorial

A escritura naceu para facer permanecer as mensaxes no tempo e para facer revivir os recordos. Por iso, tras un parón de tres anos, o claustro do IES Martaguisela decidiu publicar a súa revista de novo en versión impresa. Tomamos esta decisión en tempos difíciles, cando só se fala de crise e de recortes. Pero precisamente en tempos complicados hai que facer os grandes esforzos. E pensamos que a nosa revista merece perdurar no recordo, porque nela gárdanse moitas imaxes de momentos inesquecibles, caras de alumnas e alumnos aos que apreciamos moito e polos que traballamos día a día. Nela están as palabras dos nosos pequenos que nos contan as súas aventuras nas excursións, nas aulas, nos ensaios de teatro, no seu día a día neste instituto que loita por conseguir unha educación de calidade e que traballa por crear un entorno cooperativo na convivencia.

No IES Martaguisela as portas sempre están abertas e a nosa revista, Saldoira, é unha porta franqueada máis para que entre quen queira camiñar con nós e tamén para que saian ó exterior e se coñezan algunhas, só algunhas porque son moitas, das iniciativas que emprendemos neste

centro con toda a ilusión. A nosa meta é sempre lograr a mellor formación do noso alumnado, e, tamén, porque non, aportar o noso gran de area á súa felicidade para que, xuntos, construíamos unha sociedade máis forte, máis preparada, capaz de remontar todos os obstáculos.

O Equipo de Dinamización da Lingua galega quere dar as grazas a todos e a todas os que colaborastes na creación de Saldoira. Grazas por contribuír co voso esforzo a darlle pulo á nosa lingua. Grazas porque co voso esforzo estades construíndo a memoria colectiva do IES Martaguisela, e ter memoria é fundamental para vivir con dignidade.

Moitos dos que agora estades lendo estas letras atoparedes algún día esta revista escolar nalgún caixón perdido da casa e non poderedes evitar viaxar polas súas páxinas e a retina colmarase de compañeiros e compañeiras esquecidos, pero queridos, e aventuras que nos fixeron medrar como persoas. Gardádea, está feita con retallos de vida.

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA DO IES
MARTAGUISELA**

Carta do director

Síntome orgulloso de estar á fronte do equipo directivo do IES Martaguisela co que intento continuar o labor doutros directores e directoras que me precederon e que lograron crear un centro co prestixio que distingue o IES Martaguisela.

Cando no curso 1999-2000 cheguei dende a distante illa de Lanzarote ao Barco de Valdeorras xa percibín inmediatamente que me encontraba nun centro de ensino onde o afecto, o compañeirismo e a seriedade no traballo eran notas distintivas.

E curso tras curso, co excelente traballo de todo o profesorado, o labor docente e educativa foi a máis e mellor.

Cada ano regresan para visitarnos antigos alumnos e alumnas que están orgullosos de ter estudado aquí e fálannos dos seus éxitos na universidade que no seu día elixiron. Eles sempre recordan con cariño o seu centro.

Cada día loitamos para lograr unha mellor calidade no ensino superando incluso moitos atrancos.

Entre nós tamén nos queixamos dos recortes que nos está tocando padecer. Porén, cando entramos na aula esquecemos as nosas penas persoais e

seguimos a dalo todo polo noso alumnado.

Síntome orgulloso de ter continuado este labor de compañeirismo e de boa convivencia entre todos os membros desta comunidade educativa. Pero, se cabe, aínda máis me alegro de que ese clima se acadase entre tantos alumnos a alumnas de diferente procedencia. Calquera que visite o IES Martaguisela percibirá que nós si que conseguimos un obxectivo que tantos políticos e entidades supranacionais de todo o mundo non souberon acadar: que non existan problemas de convivencia entre o noso alumnado, veñan de onde veñan, procedan de onde proceda, sexan dun estatus social ou de outro.

Non queremos presumir de que "nunca pasa nada no noso centro". Do que si presumimos é de que cando "algo pasa" sabémolo solucionar con diálogo e con moita destreza para que os pequenos problemas de convivencia se convertan en xermolo de amizade.

**ANTONIO LIÉBANA DEL VALLE
DIRECTOR DO IES MARTAGUISELA**

Coñecemos París

A nosa viaxe a París comezou na Gudiña, onde collemos o autobús que compartiríamos co alumnado do IES Ferro Couselo de Ourense

Jonathan Vega (1.º BACH B)

Pasamos a primeira noite en Bordeaux, despois dunha longa viaxe de doce horas. Ao día seguinte dirixímonos a París facendo unha parada en Futuroscope. Por fin chegamos a París onde permaneceríamos seis días.

Despois da primeira noite na Cidade da Luz fixemos unha visita panorámica visitando os puntos máis emblemáticos: a Torre Eiffel, Notre Dame, Barrio Latino, Arco do Triunfo, Campos Elíseos, Praza da Concordia e outros puntos

fundamentais do París máis turístico. Rematamos este precioso día cun paseo en barco polo Sena.

A terceira xornada comezou coa visita ao barrio de Montmatre, o bohemio barrio de pintores e artistas. Alí vistamos o Sacre Coeur e gozamos das vistas de toda a cidade.

A cuarta xornada dedicámola a visitar o magnífico Louvre. Por fin puidemos ver a Gioconda, a Vitoria de Samotracia ou A coroación de Napoleón. Non nos

chegou a nada a mañá para tanta obra de arte porque pola tarde tocaba visitar o París máis moderno.

O penúltimo día estivo cheo de diversión en Disneyland París. Ao día seguinte emprenderíamos a viaxe de regreso, pero aínda teríamos a oportunidade de coñecer Tours, para pasar de novo por Bordeaux e chegar á casa na hora e días previstos. Regresamos coa mente chea de imaxes maravillosas. París merece a pena e é unha cidade para volver.



En Montmartre, ante o Sacré Coeur



Coa esperada Tour Eiffel

Retorno ao mundo clásico

Excursión a Mérida. 13 ao 15 abril 2013

Aida Alcántara Arias



No teatro antes da representación

Despois de moito tempo pedindo esta viaxe, por fin, conseguímolos!

A verdade é que foi unha das mellores excursións que fixemos.

Saimos o sábado moi cedo, cando chegamos a Mérida tivemos a tarde libre e aproveitamos para comprar roupa, agasallos, para dar unha volta e coñecer a cidade. O hotel estaba tan céntrico que nos resultou moi cómodo.

Á mañá seguinte, xa descansados, visitamos o museo romano. Alí vimos moedas, esculturas, restos de arquitectura romana, ata utensilios da vida doméstica dos romanos. Pero o máis bonito foi o propio museo, un gran espazo con moita luz deseñado polo arquitecto Moneo. O museo está mesmo

a carón do teatro e anfiteatro romanos, así que ao saír visitámoslos. Cando entramos nestes lugares semellábanos estar na mesma época dos romanos, imaxinámos os combates, os leóns, os gladiadores... Ao saír de alí, atopamos un tren turístico que facía un percorrido polos lugares importantes da cidade. Non o dubidamos e subimos, este foi o xeito de ver comodamente os dous acuedutos que se conservan bastante ben.

Pola tarde vimos o circo romano, pisamos no mesmo chan onde se celebraban antigamente as carreiras de cuadrigas; a dicir verdade, algún aínda se animou a emular aos aurigas romanos... pero sen cabalo. Visitamos tamén esa tarde a casa de





Todo o grupo nas portas do museo



Mitreo, é un espazo onde se conservan en moi bo estado o que foi cada unha das dependencias dunha “domus romana”, chamounos a atención o fermoso da paisaxe do lugar ateigada de cipreses. Rematamos o día tomando algo nunha terraza ás aforas, cunhas vistas inmejorables cara ao lago de Proserpina. O luns chegou o momento importante da excursión, o motivo que nos levou aí: asistir á representación da obra Anfitrón, unha traxicomedia do autor latino Plauto. As expectativas que tiñamos postas nesta obra cumpríronse con creces. Que ben o pasamos e canto

nos rimos coa interpretación da obra e ademais nunha contorna privilexiada, o teatro romano, nin máis nin menos. A todo isto, o tempo non puido estar mellor, semellaba verán desde que chegamos a Mérida. O teatro estaba cheo de rapaces e rapazas da nosa idade, un ambientazo!! Despois de comer aínda nos quedaba unha visita, o templo de Diana, un maxestoso edificio en moi bo estado de conservación. Subimos ao autobús con moitas ganas de volver, pero non a unha soa representación, senón a todas as que se fan na Semana de Teatro Grecolatino de Mérida.

Carucedo e As Médulas

Manuel Agra Sánchez. 2.º ESO B



Todo o grupo no Lago de Carucedo

Compañeiros de 1.º e 2.º da ESO do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras convivimos durante dous fantásticos días, un luns e un martes de maio, hospedados en cabanas preto do lago de Carucedo.

Fomos acompañados polos profesores Marcos (Educación Física) e Herminio (Relixión), ademais de varios monitores. As actividades que realizamos foron moi diversas e interesantes.

Ao chegar alí repartímonos as cabanas, desfixemos as maletas e dividímonos en dous grupos para realizar as actividades. O noso grupo fixo primeiro rocódromo, subir unha parede dunha torre, para despois baixar dela na tirolina. Logo intercambiamos actividades co outro grupo, que fixera tiro con arco. Despois comemos e gozamos dun breve espazo de

tempo libre. A continuación o noso grupo montou a cabalo e máis tarde, en canoa. Ao serán démonos unha ducha, ceamos e acudimos á velada nocturna, tras a cal nos retiramos esgotados ás cabanas.

Ao día seguinte fixemos unha excursión ás Médulas, onde nos explicaron uns interesantes datos sobre as mesmas. Tras regresar, comemos unha ben merecida comida. Despois fomos ao centro interpretativo do lago, onde nos volveron explicar máis datos, esta vez sobre a flora e fauna do lago, rica en aves. Acto seguido fomos bañarnos ao lago. Tras nos refrescar no lago e sacar as fotos de grupo, recolleemos as cabanas e marchamos moi satisfeitos coa viaxe, chegando ao Barco de Valdeorras ás seis, listos para seguir aprendendo no instituto ao día seguinte.

Picos de Europa

Celia González Moldes (1.º BACH A)



No Lago Enol

O alumnado de 1.º de bacharelato comezamos a excursión emocionados, a pesar de que o ceo non presaxiaba un bo día. Tras a longa viaxe até Cangas de Onís, onde nos atopamos con condicións meteorolóxicas adversas, e a posterior instalación no hotel, puxémonos a comer e a dar unha volta pola localidade.

Chegada a tarde, fomos aos Picos de Europa para gozar do noso primeiro roteiro, que sería nos lagos de Covadonga. Non agoirabamos moi bo tempo a verdade, pero iso non tira protagonismo á sorpresa maiúscula que nos levamos, cando xa polo camiño de ascenso á montaña nos atopamos con que todo estaba completamente nevado.

O paseo transcorreu entre risas, caídas, fotos, saltos, guerras de bolas de neve e as maravillosas vistas que ofrecía a paisaxe, aínda que algúns covardes preferiron dar media volta e esperarnos ao quente nun bar. Puidemos gozar como pequerrechos desta pequena aventura, iso si, ao rematar estábamos todos enchoupados de auga até os xeonllos e esgotados polo recorrido.

Ao regresarmos a Cangas, o primeiro que fixemos foi darnos unha ducha, aínda que tiñamos un problema... ¡Eramos tantos que a auga saía fría! Tremendo de frío, sen auga quente para nos recompoñer, e cos fusíbeis que se baixaban continuamente, deixándonos ás escuras, podemos dicir que isto foi o peor

da viaxe. Pola noite, despois dunha cea no hotel, saímos con Marcos e mais con Óscar a dar unha volta pola localidade e xa de paso, visitar as típicas sidrarías asturianas e degustar uns culíns de sidra.

O día seguinte chegou axiña e amenceu co ceo despexado, e con moitas ganas de encamiñarnos ao noso vindeiro próximo: o roteiro do Cares. Saímos de Poncebos, onde comezamos a andar abrigados até a cabeza, e chegamos a Caín á hora de comer, despois de percorrer algo máis de once quilómetros e de nos ir despoxando de case toda a roupa.

A paisaxe era impresionante. Miraras onde miraras encontrarías algo que che sorprendería, desde abruptos penedos e elevadas montañas en cuxo cume se axexaba a neve (moi ao estilo das montañas de Heidi) até a impoluta auga azul e cristalina do famoso río Cares. Non fai falta dicir que cada dos pasos que dabamos nos parabamos a sacar fotos, normal que tardásemos tanto en chegar.

Comemos un bocadillo, para repoñer forzas, na preciosa aldea entre montañas de Caín e aínda que a idea era realizar o roteiro de regreso a Poncebos, decidimos pór punto e final á nosa aventura alí, coller o autobús que esperaba por nós e irnos xa con destino á casa.

Pontevedra e as maravillosas Illas Cíes

Enea González Dacal e Annaray Codesido Isla (3.º ESO B)

Todo o grupo nas Cíes



Saímos do Barco de Valdeorras a primeira hora, pero a viaxe fíxose entretida grazas a unha película, á conversa e á música. Chegamos cara ás once e media ao salón de deportes. Alí coñecemos diferentes tipos de aves, tivemos unha charla de karate e vimos postos de diferentes temas de saúde e do deporte. Antes de saír a comer fixemos un “flashmob”, que consiste en que cando soara unha canción, que xa ensaiáramos previamente, todo o mundo se puxese a bailar no lugar onde se atopara. Nese momento xa nos gravaron e subiron o vídeo a Youtube.

Comemos na parte antiga de Pontevedra e puidemos gozar desta preciosa cidade xa que tivemos tempo libre ata as cinco. Logo deste descanso regresamos ao Salón de Deportes para facer zumba e scackline. Xa cansos, saímos para o hotel. Alí preparámonos para ir á cea. Na cea tivemos unha visita moi agradable: Lola, a antiga titora e profesora de francés que este ano xa non está no Martaguisela. Logo da cea marchamos para o hotel e o certo é que non durmimos nada... Ao día seguinte estabamos todos mortos de sono. Saímos cara

Vigo ás nove e media da mañá. No bus non puidemos durmir porque a Óscar, o profesor, ocorréselle que, posto que el non puidera durmir de noite pola nosa culpa, entón el non nos ía deixar tampouco a nós durmir durante o traxecto.

Aguantando o sono chegamos a coller o barco para ir ás Cíes. Foi unha viaxe impresionante. Parecía que podíamos voar nas ondas.

Nas Cíes fixemos unha ruta de dous grupos ata o faro. Algúns, por mor do cansazo, non puideron chegar á meta. Comemos alí e pola tarde puidemos gozar da praia. Os máis valentes metéronse na auga que estaba conxelada.

Por sorte, a volta, tanto no barco coma no bus, foi moi tranquila. A maioría foi durmindo e non era de estrañar porque estabamos todos moi moi cansos.

Foi unha excursión realmente xenial e interesante. Aprendemos moito sobre saúde, deporte e natureza. Quedamos encantados cos profesores que nos acompañaban, Óscar e Marcos. Pasámolo xenial, houbo moitos momentos de risas inesquecibles. Quedamos coas ganas de repetir!!

Tendendo pontes.

Intercambio co IES de Tomiño

Leticia López Benítez (4.º ESO B)

Ao longo deste curso, os alumnos e alumnas do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras, realizamos un intercambio de cartas con alumnas e alumnos do mesmo ano do IES de Tomiño.

Nós fomos os primeiros en escribir, os que iniciamos o troco de cartas, polo que redactamos unha presentación de nós mesmos, falando dos nosos gustos, afeccións, e describindo brevemente a nosa vila. Estas cartas, sen destinatario nese momento, foron enviadas a Tomiño, onde se sortearon entre o alumnado do centro que participaban no intercambio. Tras un par de cartas recibidas, e outras tantas enviadas, decidiuse efectuar unha pequena saída a unha fermosa vila a media distancia entre as localidades do Barco de Valdeorras e Tomiño: tratábase de Allariz; para poder coñecernos en persoa. Estaba prevista para comezos de maio. O día seis dese mesmo mes partimos cara a Allariz, ás nove e media da mañá. A viaxe non foi longa en demasía, de feito, contra as once e cuarto xa chegamos alí. A mañá presentouse chuviosa. Apenas baixamos do autobús díxéronnos que dispoñiamos de media hora, que empregamos en dar voltas polo lugar e coñecelo con máis detalle.

Á hora acordada dirixímonos á Praza do Concello, onde o alumnado do IES de Tomiño xa se atopaban. Despois de que nos tomaran unhas fotos ao grupo completo, saudamos rapidamente ao compañeiro co que nos tocara intercambiar as cartas, e tamén ao resto. Todos semellaban moi simpáticos. Pouco máis tarde entramos no Concello. Nese edificio, na sala de plenos déronnos a benvinda á vila, agradecéndonos que a elixiramos como lugar de encontro. Comentáronnos algunha curiosidade de Allariz e parte da súa historia. A continuación fóronnos chamando polos nosos nomes, e tivemos que presentar ao noso compañeiro no troco de cartas.

Logo, as profesoras de ambos os institutos, explicáronnos



o que iamos facer deseguido: era unha “busca do tesouro” que consistía nun cuestionario con preguntas sobre Allariz, desde temas gastronómicos ata históricos ou xeográficos, que debiamos contestar pedíndolle información á xente da vila. Resultou bastante entretido, demos varias voltas polo lugar e conversamos cos compañeiros de Tomiño que ían no noso equipo.

Cara ás dúas da tarde, dirixímonos a unha sala de exposicións a carón do río Arnoia, lugar onde iamos comer. A intermitente chuvia provocou que, finalmente, viaxáramos ata Ourense, ao centro comercial. Na cidade tamén estaba a chubiscar.

Estivemos alí toda a tarde, tempo que utilizamos en falar, pasear e comprar. Ás seis da tarde volvemos ao autobús, xa que era a hora de marchar. Despedímonos dos alumnos de Tomiño e emprendemos a viaxe de regreso ao Barco de Valdeorras, cun sorriso no rostro. Foi unha experiencia divertida e interesante, curiosamente descubrimos que tiñamos máis cousas en común que as que escribimos nas cartas.

Chegamos á nosa vila, esgotados pero contentos polo agradable día que pasamos.



Todos xuntos antes das presentacións

Rutas científicas: Andalucía

Eduardo Ojea

O MINISTERIO DE EDUCACIÓN COA COLABORACIÓN DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS, CONVOCA PARA O ALUMNADO DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO O PROGRAMA "RUTAS CIENTÍFICAS" CO FIN DE RECUPERAR O INTERESE POLAS CIENCIAS.



A Comunidade Autónoma de Galicia outorga tres bolsas para Andalucía, Madrid e mais Castela e León. O IES Martaguisela foi seleccionado xunto co IES Marqués de Villena de Marcilla (Navarra) para participar no programa "ANDALUCÍA CIENCIA A TOPE", con aloxamento no albergue xuvenil de Granada, e actividades en centros de investigación e museos científicos da comunidade andaluza.

Emprendemos a viaxe cara Andalucía o día 22 de outubro. Saímos nun autobús vinte e catro viaxeiros, incluídos os dous



profesores encargados da expedición. Viaxamos toda a noite ata chegar a Granada, que era o lugar de destino. Despois de nos acomodar nos cuartos e de repoñer forzas coa comida, os dous simpáticos monitores andaluces, coa súa graza natural, ensináronos a pé o máis salientable desta fermosa, histórica e monumental cidade de Granada. Paseamos polo Albaicín e vimos de lonxe a marabilla da Alhambra.

Este primeiro día foi o do encontro cos compañeiros/as de Navarra e nese intre xa xurdiu o frechazo entre algúns. Os monitores xa tiñan preparada unha divertida presentación para lograr a interacción de ambos os grupos. Foi un momento moi simpático. O día foi tan intenso que a noite fíxose escasa. O martes estabamos en pé ás oito e emprendemos viaxe á provincia de Almería. Pola mañá subimos a Calar Alto, a máis de 2300 metros de altitude, onde se atopa o Observatorio Astronómico. Alí vimos o telescopio Zeiss, que é o terceiro mais grande do mundo. Baixamos a comer ao deserto de Tabernas a ver a Plataforma solar de Andalucía. Foi espectacular, mais a presentación non foi do mais ameno e aburriu bastante (pensamos que as altas temperaturas influíron bastante na sono que nos entrou). Como dicía a canción de Miguel Ríos- "Vuelvo a Granada"--, dúas horas e a cea. Noite, como sempre, longa. O mércores apareceu con chuvia. Puxémonos camiño de Málaga. A primeira parada foi no Xardín Botánico da Concepción. Tivemos guías que nos explicaron o que era, de quen era e o que alí había. Por unanimidade pensamos que foi espectacular, increíble.

Pola tarde agardábanos outra sorpresa interesante: a visita do Museo Principia. O alumnado tivo a oportunidade de achegarse á ciencia a través dunhas prácticas perfectamente escollidas e que foron do agrado de todos.

O xoves non houbo viaxe e todo o día estivemos en Granada coa chuvia como compañeira inseparable. A primeira parada fíxemola no Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Alí un astrofísico deunos unha charla moi interesante sobre o Cosmos e visitamos o taller onde se constrúen pezas para os foguetes.

Logo de comer visitamos o Parque de las Ciencias, un recinto no que se podería pasar máis dun día enteiro e non se vería nin a metade. É impresionante por fóra, e por dentro aínda máis. Ten unha extensión de 70000 ha. Aquí vimos de todo, dende talleres de monicreques, unha visita polo Corpo humano, un bolboretario e incluso un obradoiro de cetrería.

Esa noite saímos todos a despedir esta interesante ruta vivida cos monitores, alumnado e profesoras de Navarra. Seguía a chover polo que, entre iso e o cansazo acumulado en tantos días, regresamos pronto ao Albergue para descansar porque nos agardaba unha longa viaxe.

O venres de mañá partimos outra vez para O Barco de Valdeorras. Houbo despedidas, abrazos, bágoas, intercambio de enderezos e moitos "ata pronto, xa nos veremos".

O resumo desta primeira experiencia é que foi moi positiva tanto para o alumnado coma para o profesorado. A observación e a participación directa do traballo dos técnicos e científicos permitiulles valorar o labor científico, abrindo novos horizontes nas súas perspectivas de futuro. Ademais, o feito de interaccionar diariamente con compañeiros doutro centro, localidade e autonomía é un valor engadido que completa esta Ruta e que quedará na memoria para sempre. O profesorado quere agradecerlle ao alumnado o seu comportamento nas actividades diúrnas, fundamentalmente.

Carlos Puerto. Un home próximo e amable

Iván Yáñez (3.º ESO A)

Este curso honrounos coa súa visita o escritor Carlos Puerto que acudiu ao IES Martaguisela para falarnos da súa obra *Lluvias de verano*, que foi lectura obrigatoria no segundo trimestre.

Para preparar a súa visita fixemos varias pancartas nas que puxemos todo o noso cariño e redactamos un texto para iniciar o seu coloquio. Queríamos recibilo por todo o alto, porque non era para menos, xa que tiñamos con nós a un recoñecido novelista.

Carlos Puerto contounos que lle encanta viaxar e falounos

polo miúdo do proceso de creación da súa novela.

Polo seu trato amable pareceunos unha persoa agradable e encantadora, próxima a todos nós que o estabamos escoitando. E por iso fomos capaces de lle facer moitas preguntas sobre a súa obra, a súa vida e o seu futuro, ás que respondeu sempre paciente e cariñoso.

Penso que, falando en nome de todos, no encantaría e nos emocionaría que Carlos Puerto regresase ao noso centro para conversar sobre a súa literatura. Moitas grazas, Carlos.




No salón de actos durante o coloquio



Aproveitamos para que Carlos Puerto asinase os nosos libros

Carlos Puerto naceu en Madrid en 1942. É un viaxeiro incansable e esta faceta da súa vida transmítese nos seus máis de sesenta libros publicados, algúns deles asinados baixo o pseudónimo de Ulises Cabal. Desde os vintedous anos Carlos dedícase á escrita en diferentes versións (cine, novela, radio, prensa) e o recoñecemento ao seu labor maniféstase na tradución das súas obras a varias linguas como o francés ou o alemán. Entre as súas obras máis importantes destacan *Un frío viento del infierno*, *La orquesta subterránea*, *El amigo invisible* ou *Lluvias de verano*.



Mural que lle elaboramos a Carlos Puerto

Visita de María Menéndez Ponte

Vítor Santos (4.º ESO B)

A escritora María Menéndez Ponte visitou en xaneiro o noso centro para falarnos das súas novelas *Nunca será tu héroe* e mais *El poso amargo del café*, as dúas lecturas obrigatorias para 2.º de ESO e para 4.º de ESO respectivamente.

A experiencia foi fantástica porque María falou de xeito ameno das súas personaxes, fíxonos comentarios curiosos sobre a historia das súas obras e aclarounos moitas dúbidas que roldaban na nosa cabeza desde que leramos as súas novelas.

Tela con nós axudounos moito a comprender a súa obra e foi unha gran sorte poder coñecela porque nos impresionou a súa vitalidade e a súa forma de ser.

Tamén foi moi gratificante ver como soubo valorar o traballo que fixemos sobre a súa biografía, xa que emocionouse moito cando viu o mural que construímos entre todos e onde reflectimos momentos importantes da súa traxectoria vital.



Menéndez Ponte asinando os nosos libros



Mural que lle elaboramos a María Menéndez



María Menéndez Ponte naceu na Coruña e estudou Dereito en Compostela. Desde moi nena foi unha lectora incansable e unha escritora fantástica. É unha muller de grandes paixóns, e entre elas están a música e o baile. Por circunstancias persoais viaxou moito na súa vida, pero agora vive en Madrid entregada á literatura e ás súas visitas polos centros educativos coñecendo os pequenos lectores das súas novelas. É a creadora do famoso personaxe infantil Pupi e de numerosos libros dirixidos aos máis pequenos e a adolescentes. Entre eles podemos destacar *Nunca será tu héroe* (polo que obtivo o premio Libro de Ouro en 2006), *El poso amargo del café*, *Maldita adolescente* ou *Las dos caras del Playboy*.

Curso 2012-2013

PROFESORADO E ALUMNADO DO IES MARTAGUISELA



















Excursión a Valencia, 4º ESO 2013



Despedida de 2º BACH.

A familia medra

Marta Cortés (directora do grupo de teatro do IES Martaguisela)



frívolas e necias, unha ama compasiva, unha nai que non quere escoitar, un primo pícaro, e colegas varios da parella posicionados a favor e en contra. Para o segundo escenario propoño un salón dunha casa rural. Un alcalde machista e trasnoitado eríxese como portador da modernidade e do progreso para a súa aldea. Os veciños e veciñas, humildes fregueses, soporitan os discursos soporíferos do seu alcalde do único xeito posible: co disparate e o riso. Visualicen aquí á muller do alcalde como a única valedora do bo xuízo, e a catro veciñas, todas chamadas Manoelas e todas tan críticas co seu gobernante que precisamos dunha autoridade que poña orde na escena. Si, temos un Garda Civil tamén, por que os catro homes das Manoelas tampouco axudan neste caso a endereitar o conto.

Nestes dous escenarios ensaian, estudan, interpretan e divírtense vinte e dous rapaces e rapazas que participan este curso nos obradoiros de teatro do instituto. Que unha actividade extraescolar con horario fixo semanal durante todo o curso vaia en aumento, convivindo coa ameaza permanente e lexítima de exames, traballos, clases particulares, conservatorios, e o necesario tempo de ocio de calquera adolescente consegue superar todas as expectativas.

Dende aquí o meu agradecemento a todos os que credes neste proxecto, pola dedicación e entusiasmo en manter

a maxia e a ilusión e por axudar a embele-

cer o mundo desafiando á mesquindade e o aburrimiento.

Para vós estas palabras de Roberto Vidal Bolaño sobre o teatro:

“Nalgún recuncho ignorado do noso presente, ten que haber un teatro do hoxe e do aquí posibles. Un teatro con fe abondo en si mesmo e na sociedade en que nace e á que serve, como para ser quen de saír ao encontro de poéticas propias, capaces de traducir en termos de universalidade o particular, e de reafirmar as capacidades potenciais da nosa cultura e dos nosos creadores para se incorporar por méritos propios á dramaturxia e ao teatro universais. Un teatro que lles restituía aos cidadán o dereito a un lugar de encontro no que se reflectir, co que poidan sentirse identificados e que cheguen a ter como propio”.

Detéñanse uns intreiros nas liñas que a continuación seguen, describindo dous posibles escenarios: no primeiro dúas familias -Capuletos e Montescos- seguen a odiarse. Máis de catrocentos anos e aínda non se resolveron as súas diferenzas. Ah, non o sabían? Continúo. Romeo Montesco namórase ata á dor da filla do vello Capuleto, Xulieta, e esta corresponde ó mozo co mesmo sentimento. Ata aquí de seguro que lles soa, verdade? Agora imaxinen a esta Xulieta, á que non lle preocupa estar bela por fora senón por dentro, amante de Romeo pero tamén da lectura, muller de firmes principios, e que busca o seu sitio nun mundo que a discrimina por ser muller e que lle impide ser libre para estar co home que ama. E xa postos, poñan neste contexto un Romeo engaiolado, unhas primas

Romeo e Julieta... ou non



Grupo de teatro Gueto
IES MARTAGUISELA

26 de Xuño 2013
mércores 20.00 h
TEATRO LAURO OLMO



Nos ensaios

Proxecto COMENIUS

O IES Martaguisela en Europa

EQUIPO COMENIUS

No noso afán por enriquecer o ensino, o IES Martaguisela participa durante os cursos 2012-13 e 2013-14 no Proxecto europeo Comenius. Este proxecto multilateral ten como obxectivo fundamental reforzar a dimensión europea do ensino promovendo actividades de cooperación entre centros educativos da UE.

A participación en proxectos tan ambiciosos coma este reporta múltiples beneficios para o noso alumnado xa que melloran a competencia lingüística en lingua estranxeira, fomentan o traballo en equipo, ofrecen a oportunidade de coñecer outros lugares e outros sistemas educativos e reforzan os valores de compromiso e de cooperación.

O soporte económico procede do "Organismo Autónomo de Proxectos Educativos Europeos" que achega fondos para sufragar os gastos xerados polas mobilidades e por material necesario para desenvolver o proxecto.

O grupo de traballo no que está integrado o IES Martaguisela ten a seguinte configuración:

1. COORDINACIÓN: (Istambul, Turquía)
2. SOCIO: Miasto Katowice (Katowice, Polonia)
3. SOCIO: Bundesgymnasium (Viena, Austria)
4. SOCIO: Istituto Tecnico Economico 'Terra di Lavoro' (Caserta, Italia)
5. SOCIO: IES Martaguisela

O tema escollido para o traballo é "Estilos de vida saudábeis" e baixo este lema estamos a levar a cabo diferentes actividades como a construción dun invernadoiro que será coidado polo alumnado participante no Comenius e que nos permitirá

facer un contraste sobre como coidamos e como evolucionan os nosos cultivos no Barco de Valdeorras e en diferentes lugares de Europa. Ademais, traballaremos desde un prisma multilateral e multicultural aspectos relacionados coa saúde, como o deporte, a alimentación e os hábitos de consumo. Son moitas as actividades que xa se realizaron e outras moitas as que están en curso. Porque a participación nunha iniciativa deste calado esixe viaxar a outros países cun plan de traballo, recibir alumnado e profesorado estranxeiro e estar en permanente contacto para acadar unhas metas. Nesta dinámica de acción enmárcase a videoconferencia que se realizou co alumnado de Austria, o deseño do logo que representa o proxecto, ou as visitas a Katowice (Polonia) ou a Caserta (Italia) para intercambiar experiencias e poñer as bases de futuras actividades.

Ata o de agora a metade do camiño está andado e os obxectivos previstos cumpridos. Pero aínda nos queda un curso 2013-2014 no que viaxaremos a Austria, Grecia e a Turquía e no que recibiremos aos nosos compañeiros e compañeiras de outros países.

Ilusión, imaxinación e moita dedicación e traballo son os ingredientes necesarios para que esta experiencia sexa un éxito e un elemento enriquecedor no proceso de aprendizaxe e maduración do noso alumnado. Porque estar en contacto con outras culturas e con outras formas de vida é unha gran forma de aprender.



Alumnas traballando no invernadoiro

Proxecto COMENIUS



Italia 2013. Unha viaxe inesquecible

Olalla Enríquez, Alba García e Celia Fernández (4.º ESO)

A nosa experiencia en Italia como participantes do proxecto Comenius foi extraordinaria. Fíxonos medrar como persoas, como grupo e como estudantes.

Iamos con moito medo no corpo porque non sabiamos como nos desenvolveríamos co inglés tan básico que tiñamos e porque tamén criamos que as profes que ían con nós non se ían portar...

Pero quedamos coa boca pechada e demostráronnos que as aparencias enganán. Formamos un gran grupo, superamos os problemas sen complicacións.

Dentro do grupo de compañeiros e compañeiras que acudiron á xuntanza podemos dicir que, a pesar do noso nivel de inglés, fomos as máis faladoras e agradables.

Fixemos amigos novos que aínda hoxe seguen tendo un oco no noso corazón e cos que aínda falamos a través das novas tecnoloxías.

A cidade namorounos, non queriamos regresar ao Barco de Valdeorras. Era preciosa e acolledora. Sentiámonos realmente cómodas, como se fose a nosa propia casa.

Alí tivemos a oportunidade de facer algo de turismo dentro das actividades programadas. Así coñecemos un fábrica de queixos na que nos puidemos rir moito. E outra fábrica de seda. As dúas moi especiais.

Pero o que sen dúbida máis nos impresionaron foron os maravillosos lugares da cidade e o seu entorno. Como é o caso de Pompeia. Alí fomos un día, pero se estiveramos dous non nos daría tempo de visitala toda. Impresionante. O que vimos sorprendeunos, despois de tanto tempo segue tendo vida. Outro día coñecemos a Costa de Malfi que é unha auténtica gozada. Sénteste voar cando pisas as súas rúas. Transmite paz e benestar. E tamén temos que falar de Nápoles: un lugar

que chega e que ten mil cousas que visitar.

Isto non é máis que un resumo minúsculo do que foi a nosa experiencia en Italia. Poderíamos pasar horas e horas contando anécdotas, describindo lugares e expresando sentimentos de emoción. Foi unha viaxe increíble, propia dos mellores soños. Grazas ás profes que nos aguantaron e coas que volveríamos encantadas a calquera outro lugar.



Xornalistas por un día

O alumnado que asiste a clases de Pedagogía Terapéutica, convértese en xornalista por un día e realiza unha rolda de prensa coa profesora de apoio, Elena, e mais coa orientadora, Ana.

- ¿Por que decidistes dedicarnos a este traballo?

Ana: Pensei que era unha magnífica oportunidade para contribuír coa miña grande área á educación dos adolescentes, nun sentido integral: desenvolvemento emocional, social e académico.

Elena: Ensinarlle a ler a un neno ou nena en Primaria ou axudar a un adolescente en Secundaria a progresar nos seus estudos, son logros que brindan moita satisfacción persoal. Estar en contacto con todos eles diariamente e ver como evolucionan e melloran resulta moi enriquecedor.

- ¿Canto tempo levades facendo este labor?

Ana: Comecei nesta profesión hai dez anos.

Elena: En Secundaria dende o curso 2005-2006, pero en Pedagogía Terapéutica dende o ano 1990. Xa choveu.

- ¿En que consiste o traballo de orientadora?

Ana: As tarefas de orientación abranguen varias fronteiras. A primeira, por enumerar nalgunha orde, sería o apoio ao labor do profesorado e aos procesos de aprendizaxe do alumnado, no marco da chamada atención á diversidade. Aquí entraría, por exemplo, a determinación de alumnado que necesita apoio ou á mellora de organización do estudo e técnicas de traballo intelectual. O segundo ámbito de traballo sería a orientación escolar e profesional: informar sobre a universidade e axudar na toma de decisións sobre a mesma, asesorar na elección de materias na ESO e Bacharelato. O último, pero quizais o máis importante, é apoiar, mesmo de xeito individual cando se necesita, ao alumnado no seu proceso de crecemento

como persoa: adquisición de habilidades sociais, apoio en situacións emocionais difíciles, axudar a resolver conflitos de forma pacífica e ensinar ao alumnado modos para facelo eles mesmos, etc.

- ¿Como vos comunicades entre vós?

Ana: A comunicación e coordinación son fundamentais dentro do departamento. Elena e mais eu intercambiamos practicamente todos os días información sobre a evolución do alumnado de apoio e a súa conduta. Este curso desapareceu a hora de reunión do departamento, e entón dedicamos calquera momento para o facer. ¿Que instrumentos empregamos?, o mellor de todos: falar e escoitar.

- ¿Cal é o perfil do alumnado que asiste a clases de apoio?

Ana: Comentei xa que a labor orientadora se enmarcaba dentro da atención á diversidade. ¿Que entendemos por diversidade?, o feito de que cada alumno é diferente e ten unhas capacidades, motivacións, intereses, circunstancias sociais, familiares, etc., distintas. Todos somos distintos e isto é positivo porque enriquece a vida de cada un de nós. A ensinanza debe atender a esas diferenzas e valorar en cada caso o que alumno necesita. O profesorado atende á diversidade na aula ordinaria pero, cando non aparece progreso suficiente, valórase a conveniencia de ofrecer unha axuda extra. Ese sería o perfil común do alumnado de apoio: estudantes que necesitan unha axuda extraordinaria e máis individualizada. As razóns desta necesidade son tamén diversas: desfase de coñecementos, falta de motivación, dificultades en matemáticas, na lectura ou na escritura, alumnado que provén doutros países, descoñecemento das linguas de Galicia, situacións persoais e sociais, etc.

- ¿Cales son os obxectivos que se propoñen para este alumnado?

Elena: Ofrecerlles as mesmas posibilidades que aos demais cuns apoios máis individualizados para que así poidan acadar os mesmos obxectivos de desenvolvemento persoal ca o resto do alumnado. Loitar contra o fracaso escolar a través duns apoios máis personalizados e de programas de reforzo individual.

- ¿Que se pide a un estudante que asiste a clases de apoio?

Elena: Recoñecemento de que o

esfuerzo persoal pode eliminar todas as barreiras.

- ¿Como é o procedemento para acudir a clases de apoio?

Ana: O procedemento iníciase cunha avaliación psicopedagóxica que realiza o departamento de Orientación, por demanda de profesorado ou as familias. Esta valoración pode rematar coa decisión de adoptar medidas extraordinarias de apoio. Neste caso, requírese a autorización dos pais/nais ou tutores legais e inténtase sempre a aceptación por parte do estudiantado implicado.

- ¿Que materias impartes?

Elena: Apoio a tarefas básicas para acadar o progreso académico de cada estudante. Fundamentalmente en relación cos departamentos de linguas e Matemáticas.

- ¿Aprendestes algo deste alumnado ao longo dos cursos?

Ana: Estou convencida de que en toda circunstancia é posible aprender algo positivo e traballando con persoas isto é especialmente certo. Do alumnado en xeral, e do de apoio en concreto, aprendín o valor do esforzo e da capacidade de loita; tamén nalgúns descubrín unha forma sinxela de estar alegre e ser feliz, malia as dificultades. Vou comprobando que todas as persoas teñen aspectos positivos que podemos imitar e empregar nas nosas vidas.

Elena: Que a capacidade do ser humano de enfrontarse a todo tipo de adversidades pode ser inmensa. Que é posible xestionar positivamente as continxencias que van conformando o destino de cada un de nós.

- ¿Que é o máis difícil do voso traballo?

Ana: O máis difícil de meu traballo é asumir que non dispoño dunha variña máxica que funcione rápida e eficazmente para acompañar ao alumnado cando aparecen obstáculos nese proceso de crecemento. O traballo educativo adoita ser así: un proceso longo, onde os froitos poden tardar en verse, pero temos que confiar na súa forza e na potencialidade do alumnado.

Elena: Non contar coa colaboración familiar é moi frustrante. Porén, cando ves o sorriso dun rapaz ou rapaza e a dos seus pais, iso é increíble e faite esquecer os malos momentos.



- ¿Que achegan a estas clases ao alumnado que asiste?

Elena: Normalizar calquera situación educativa dando máis oportunidades ou de diferente tipo.

- ¿Que achegan estas clases ao conxunto do centro?

Ana: Non todo o alumnado asiste á aula de apoio pero o traballo que alí se fai redonda en beneficio de todas as persoas que acoden ao centro posto que nela, por exemplo, se traballan actitudes e habilidades sociais e de resolución pacífica

de conflitos que contribúen á mellora da convivencia. Por outra banda, o reforzo de contidos e a mellora de técnicas instrumentais como a lecto-escritura, permite a este alumnado integrarse mellor nas actividades ordinarias, o que facilita a labor do profesorado e permite un mellor aproveitamento das clases por parte de todos os estudantes.

-¿Que achega á vosa vida esta tarefa de apoio?

Ana: Creo que en certo modo xa fun dan-do pistas sobre isto en preguntas ante-

riores. Por un lado permíteme aprender mais sobre a constancia, o esforzo, a amizade e lealdade, unha actitude vital positiva... Por outra é unha canle de participación e contribución ao proceso de crecemento de cada alumno, aínda que sexa unha pequena achega. E, hai que ter sempre presenta, que, no intento de axudar a outros un sempre está á vez axudándose a si mesmo.

Elena: A certeza de saber que deixas pegada ou lembranzas positivas en moitos rapaces e rapazas, pode promover a paixón por este traballo.

Os americanos non foron os únicos

Francisco Cobo

República quere dicir, en orixe, simplemente “cosa ou asunto público”, é dicir aquilo que a todos interesa; en certo modo equivale ao helenismo política, en canto esta indica “a ordenación da cidade (“pole”, polis) ou dos cidadáns”. Nada máis lexítimo que o interese polos asuntos que a todos nos tocan.

República é tamén a denominación dun sistema político: aquel no que non é unha monarquía. Isto dito de xeito sinxelo. Esta acepción da palabra, sen dúbida a máis estendida, procede de que foi a usada para referirse ao período antigo da historia romana que arranca desde o momento (509 a.C.) no que esa cidade-estado expulsa ao último rei e se dota dun réxime no que a base do poder reside nun corpo colectivo: o senado, e máis na elección anual de maxistrados electivos, dotándose doutros organismos que agora non veñen ao caso.

Cando se pensou na formulación dos modernos modelos de sistemas políticos, no século XVIII, tívose moi en conta os modelos antigos, os da tradición do mundo clásico, que deran a base do pensamento europeo. Nestes novos sistemas a participación cidadá era esencial: unha agrupación de xente non formaba unha república, como creo que dixo Aristóteles. Sen homes políticos -preocupados pola política-, non hai cidadáns, senón “bárbaros” ou súbditos. Un cidadán é un ser coñecedor e pendente dos asuntos públicos. O democrata grego acode á asemblea da cidade e discute sobre a política a seguir. O súbdito non, só recibe mandatos, ordes a cumprir que foron decididas sen a súa participación. Ora ben, como moitas das novas repúblicas eran espacial e poboacionalmente ben maiores que as antigas cidades-estado foi creado o concepto e a práctica das asembleas representativas: unha agrupación de cidadáns elixen a quen vai ser o seu portavoz por certo tempo. Por iso, moitas autodenominadas repúblicas hoxe existentes non o son realmente. Non teñen un rei, certo, pero tampouco cidadáns. Non chega con votar periodicamente, se os candidatos xa están asignados de antemán e do que eles fagan o cidadán carece do mínimo control.

O apolítico -no sentido de que abomina de toda participación política, non o consciente como o anarquista-, é un ignorante, que, con frecuencia sen sabelo, socava o ordenamento do pobo, para logo pasar a obedecer de xeito servil ás ordes absolutas do



primeiro señor que se lles poña enriba, e instalar o absolutismo: “agora non hai leas”, di satisfeito, e o mesmo podería dicir o enterrador mirando ao seu arredor no cemiterio: “aquí non hai liortas”. Pero non hai vida.

Sobre cal era a base política das novas repúblicas, tamén nos falon os forxadores destas. É moi sinxela: a felicidade neste mundo dos individuos. De maneira que afirmaron que calquera poder que a obstaculizase podería ser resistido pola forza. Isto pode verse en varios dos seus escritos, pero por citar só un baste a Declaración de dereitos do estado norteamericano de Virxinia (1776) que podedes consultar nun dos libros de texto deste centro:

“...das distintas formas de goberno a mellor é a que sexa capaz de producir o maior grao de felicidade e de seguridade (...). Cando un goberno resulte inadecuado ou contrario a estes propósitos, unha maioría da comunidade ten un indubidable, inalienable e inquebrantable dereito a reformalo, alteralo ou abolilo na forma en que se xulgue máis conveniente para a seguridade pública”.

Iso foi o que fixeron os norteamericanos rebelándose contra a monarquía británica por considerar que non cumpría os principios básicos, e seguen sendo hoxe unha república e ademais federal. Non foron os únicos.

O Canguro Matemático

Bárbara Bello Fernández(4.º ESO A)



75 alumnos "pelexándose" coas matemáticas, no XX Canguro Matemático, no IES Martaguisela o xoves 21 de marzo do 2013

O Canguro Matemático é un concurso de Matemáticas, organizado pola Asociación de Profesores Canguro Matemático; no que o IES Martaguisela leva participando como sede do mesmo 14 anos, e no que o alumnado participa de xeito voluntario en horario non lectivo.

O Canguro matemático é un concurso, una competición que crea expectación, e que, ao meu parecer, significa poñerse a proba cun mesmo. É unha proba de enxeño, máis que de coñecementos, que nos reta a buscar o noso nivel de razoamento lóxico e intuición matemática, levándonos a empregar todos os nosos recursos, espartando o noso cerebro.

Todo isto fai que nos deamos conta de que as Matemáticas están en todas partes, desde a pantalla do móbil ata as estatísticas dun partido de fútbol. As matemáticas fan que entendamos mellor o

mundo que nos rodea e nesta proba temos a oportunidade de empregar as matemáticas na súa esencia, "xogar con elas", non só aplicar a fórmula e xa.

Polo tanto, para min non se trata dunha competición, cada un sabe o que sabe e o que ten que aprender e mellorar, é un reto cun mesmo. Participar no Canguro matemático levoume a ter un concepto diferente das matemáticas, estimula as ganas de entender, de razoar, sendo a base sempre a lóxica.

Por todo o anterior, quedame darlle as grazas a todos os que se esforzan para facer realidade esta actividade, dándonos o pulo necesario para que nos intereseamos por ela, e motivándonos a participar en algo tan sinxelo coma un concurso, pero que resume do que se trata todo: o enxeño e o esforzo de cada un.

Club de lectura *Abrelibros*

Cando hai catro cursos decidimos botar a andar esta idea non estabamos moi seguros dos resultados que acadaríamos. Ler e despois reunirse para comentar o lido no século XXI con todas as outras apetecibles actividades ás que se enfrenta un adolescente e tamén, como non un adulto... Pero pasados todos estes cursos cremos que se pode falar dunha actividade totalmente consolidada, e algúns de nós, agardamos con certa impaciencia o último luns de mes para poder comentar cos demais a nosa experiencia lectora.

Temos que agradecer moi especialmente a Carlos Fidalgo e a



Club de lectura nunha das súas sesións

David Vázquez a súa xenerosidade por vir compartir connosco, de xeito totalmente desinteresado, as súas experiencias como escritores e a xénese dos seus libros *El agujero de Helmand* e *Cartas desde prisión*. A nosa gratitude polos bos momentos que nos fixeron pasar.

Gozamos tamén moito con outros libros escollidos que nos levaron a reflexionar sobre os temas máis diversos desde a Revolución Francesa con Dickens ata os matemáticos de *El teorema del loro*, ou a angustia polo abandono do rural en *La lluvia amarilla*. Lembraremos sempre aquela novela que nos transportou á realidade mexicana de Carlos Fuentes con *La muerte de Artemio Cruz* e desde alí viaxamos ata o Xapón de *Mishima*. Agardamos, neste caso non será un luns, senón un xoves, poder compartir As voces baixas da familia Rivas noutro interesante coloquio.

Moitas grazas a todos aqueles que mes tras mes escollen vir compartir connosco esa hora e media e facer que resulte tan agradable e especialmente a Laura, Yaiza, Pablo e Nora que rematan os seus estudos no noso centro camiño dunha universidade que esperamos saiba apreciar o seu talento. Beizón para vós e que nunca vos abandone ese amor pola lectura.

Antigo alumnado

MOITOS ALUMNOS A ALUMNAS PASARON POLO IES MARTAGUISELA. DE TODOS ELES GARDAMOS UN RECORDO MOI ESPECIAL. PARA O PROFESORADO É UNHA INMENZA ALEGRÍA CADA UNHA DAS VISITAS DE ANTIGOS ESTUDANTES. PORQUE ESTA É A VOSA CASA, SEMPRE. POR ISO QUIXEMOS QUE EN SALDOIRA HOUBESE UN OCO PARA VÓS, PARA OS QUE ESTIVESTES AQUÍ E AGORA ESTADES POLO MUNDO ADIANTE, LOITANDO PARA CONSTRUIR UN FUTURO. NOELIA, ANA E LAURA SON TRES ALUMNAS QUE ESTIVERON NAS NOSAS AULAS. FOI UN PRACER REENCONTRARNOS CON VÓS E SABER DA VOSA VIDA. ANIMO PARA ANDAR O CAMIÑO!

Laura García Cabana

¿Que recordas do teu paso polo IES Martaguisela?

Pois teño bos recordos respecto ao instituto, os profesores eran bos con nós e as clases eran bastante levadeiras.

¿Como se sente unha cando abandona o lugar no que estivo durante seis anos?

É triste abandonar un lugar onde pasaches tanto tempo pero a vez hai que pensar que ese ciclo da nosa vida xa rematou e empezara outro mellor.

¿Que fixeches despois?

Estudei Maxisterio na Universidade de Vigo e agora estou facendo Socioloxía na Coruña.

¿Que nos aconsellas os que aínda estamos no instituto?

Que aproveitedes ben o tempo e as oportunidades que vos dá a vida e que nunca vos deades por vencidos e que loitedes polo voso futuro.

¿Como ves o futuro?

Agora debido a esta crise estamos pasando unha etapa mala en España pero nuns anos todo mellorará e os nosos esforzos en estudar darán os seus froitos.

Entrevista de Fabiola Neta Flecha (4.º C)

Ana Lucía Real López

Que recordos tes do teu paso polo IES Martaguisela?

Foi unha temporada de cambios. Pasar do colexio ao instituto supoñía mudar de horario, amigos, entorno... E cada curso no instituto supoñía volver a cambiar de compañeiros, materias e profesorado. No tempo que pasei no Martaguisela pasáronme cousas boas e outras non tan boas, pero en xeral teño un bo recordo do instituto.

Tes algunha anécdota especial?

A maioría das anécdotas que lembro aconteceron en excursións ou en saídas extraescolares, pero recordo que estando en segundo da ESO alguén botou en medio da clase unha bomba fétida. Cheiraba tan mal que non puidemos seguir coa clase, nin na miña aula nin nas aulas próximas. Así que fomos ao pavillón e ao salón de actos a ver unha película. Foi moi divertido.

Como te sentiches ao abandonar o instituto?

Sentín nervios, xa que aínda non tiña claro o que faría nun futuro, e tamén moita pena xa que non máis regresaría para estudar alí.

Que é o que máis che gustaba do instituto?

O que máis me gustaba eran as excursións e as saídas. Ademais boto de menos as charlas con Rufino na cafetería e, por suposto, o recreo cos amigos.

Que consello lles darías aos que aínda están no instituto?

Que aproveiten para pasalo ben cos seus compañeiros, xa que a moitos deles pode ser que xa non volvan a velos nin coincidir, e que estuden, que pensen ben o que queren estudar nun futuro e que aproveiten as oportunidades que se lles ofrecen no instituto.

Que estás facendo ti agora?

Despois do instituto decidín facer un ciclo Superior de Educación Infantil, no cal aprendín moito e descubrín a miña vocación. Cando rematei o ciclo matriculeime na Universidade. Xa rematei o primeiro curso, así que xa estou de vacacións.

Entrevista de Vanesa Real López (2.º ESO B)

Noelia Vidal García

¿Que recordas do teu paso polo IES Martaguisela?

Teño moitos recordos agradables da miña estancia no instituto. Son anos moi importantes na vida dun rapaz. Recordo con cariño a profesores e a compañeiros. E na cabeza hai mil experiencias...

¿Tes algunha anécdota especial?

Recordo unha vez cando estaba en 4.º de ESO. Pero máis que anécdota especial naquel momento foi o peor que me podía pasar. Separáronme de todos os meus compañeiros e non coñecía a ningún da clase. Pero a pesar do mal trago a experiencia servíume para coñecer nova xente e facer novos amigos.

¿Como te sentiches ao abandonar o instituto?

Por un lado, deume moita pena porque deixaba un lugar no que pasei seis anos da miña vida. Deixaría profesores e amigos. Pero, por outra banda, estaba alegre porque ía comezar unha nova etapa: a universidade.

¿Que consello lles darías aos que aínda están no instituto?

Aínda que é o que di todo o mundo, diríalles que se esforcen, que amosen interese e que estuden. Desta maneira conseguirán o que se propoñan e chegarán a ser o que sempre soñaron.

¿Que é o que estás facendo ti agora?

Pois agora mesmo estou no cuarto e último curso do Grao en Educación Primaria. En marzo rematei as prácticas cos meus primeiros "alumnos" e sintome moi orgullosa de chegar onde estou agora.

¿Como ves o futuro?


Unha pregunta difícil... Se nos fixamos nos tempos que corren o futuro está moi complicado para as persoas que estudamos esta carreira. Esperemos que a situación cambie para que persoas coma min ou coma ti poidan traballar no que realmente lles gusta.

Entrevista de Sandra García López (4.º C)



De Rosalía de Castro a Vidal Bolaño: 50 anos de celebración das Letras Galegas

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela



Cinquenta anos pasaron desde que , en 1963, a Real Academia Galega decidiu conmemorar o centenario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. Desde aquela, cada 17 de maio, homenaxeouse a unha figura das letras galegas. Este 2013 o autor escollido é Roberto Vidal Bolaño.

Vidal Bolaño é unha desas persoas vinculadas estreitamente cunha cidade concreta. Neste caso, con Santiago de Compostela: nela naceu no ano 1950 e nela morreu, aínda moi novo, no ano 2002.

Tras o seu traballo inicial de empregado de banca, a vida de Vidal Bolaño está totalmente volcada no teatro. Actor, director e autor de teatro, foi un pioneiro da dramaturxia profesional en Galicia.

Pertence á chamada Xeración de Ribadavia, ao igual ca Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal ou o valdeorrés Camilo Valdeorras. Entre 1977 e 1980 celebráronse anualmente na vila do Avia as chamadas Mostras de Teatro de Ribadavia. Este certame foi o gran impulsor do teatro nestes anos. Roberto Vidal Bolaño gañou o certame convocado por Abrente no ano 1976 e 1980, con *Laudamuco*, señor de Ningures e con *Bailadela da Morte Ditoza*, respectivamente.

Ademais de escribir numerosos textos teatrais, Vidal Bolaño fundou compañías de teatro. É o caso de *Antroido* ou *Teatro do Aquí*. Participou como actor e dirixiu numerosas obras dramáticas. Participou en películas como *Sempre Xonxa* ou *A lingua das bolboretas*. Tamén en series de TV como *Mareas Vivas* ou *Un mundo de historias*.


Posuía Vidal Bolaño unha gran facilidade para converter calquera tipo de temas e conflitos en materia teatral, ofrecendo sempre unha visión irónica e crítica. Desmitifica feitos e figuras do noso pasado e incorpora personaxes e contidos propios da dramaturxia popular galega.

O autor homenaxeado nas Letras Galegas 2013 é unha persoa moi premiada e recoñecida dentro do teatro galego do século XX. Este non pode concebirse sen a aportación do compostelán Roberto Vidal Bolaño.

Para homenaxear a Vidal Bolaño e, sobre todo, para festexar a existencia do teatro, os centros CEIP Julio Gurriarán, CEIP Condessa de Fenosa, CEIP Otero Pedrayo, IES Lauro Olmo e o IES Martaguisela xuntaron esforzos para facer unha gran celebración no teatro Lauro Olmo. Nela houbo baile, teatro, humor e música para festexar as letras galegas. A esta gran festa o noso alumnado de bacharelato contribuíu tamén cunha exposición sobre a vida e a obra de Vidal Bolaño.

50 Anos de Letras Galegas

www.iesmartaguisela.es/robertovidalbolaño/50-anos-de-letras-galegas



Cincuenta aniversario do Día das Letras Galegas 1963 - 2013



Este cartel é parte da exposición elaborada polo alumnado de 1.º BAC para conmemorar as Letras Galegas

Que tempos aqueles!

Buscando no baúl dos recordos atopamos fotografías nosas da infancia. Esta páxina vai dirixida ao noso alumnado porque aquí están algúns dos seus profesores e profesoras na súa idade máis tenra. Sabedes quen é quen?? Imaxinade!! E se tendes moitas dúbidas podeades preguntar...



Sempre é




primavera



LES Martaguisela

Tíñamos outras portadas...pero había que eleixir unha



- Revista do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela
- Coordinadora: María Xosé Fernández Casas.
- Deseño da portada: Víctor Santos López (4º ESO B)